



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MIÑO

*Decreto de Alcaldía de nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e delegación de atribucións nesta. Corporación 2023-2027.*

### DECRETO DE ALCALDÍA

#### NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACION DE ATRIBUCIÓN NESTA. CORPORACIÓN 2023-2027

Logo de se constituír a nova Corporación, na sesión extraordinaria realizada o día 17 de xuño de 2023, como consecuencia das Eleccións locais celebradas o día 28 de maio de 2023, estímase procedente deseñar o novo réxime de organización e funcionamento desde concello, dentro do cal se atopa a Xunta de Goberno Local, como órgano de carácter necesario nos municipios que contén cunha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes segundo o artigo 20.1.c) da LRBRL.

Segundo dispoñen o artigo 23 da LRBRL, o artigo 52.2 do ROF, o artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e o artigo 69 do Regulamento orgánico do Concello de Miño, a Xunta de Goberno Local estará integrada polo alcalde, que a preside, e por un número de concelleiros/as non superior ao terzo do número legal destes, nomeados e separados libremente polo alcalde, e ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como aquelas outras que lle deleguen o Pleno ou o alcalde ou lle atribúan as leis.

Logo de ver o disposto nos parágrafos anteriores, **esta Alcaldía**, en uso das facultades que lle confiren os artigos 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **resolve:**

**Primeiro.-** Constituír a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado municipal de carácter decisorio e deliberante, que estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras da Corporación:

#### Presidente:

DON Manuel Vázquez Faraldo

#### Vogais:

DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

DONA YOLANDA BELLO PÉREZ

DON FRANCISCO MANUEL ABUÍN CARTAMIL

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- As atribucións que a Alcaldía lle delega son as seguintes:

#### En materia de recursos humanos:

Aprobación da Oferta Pública de Emprego de acordo co orzamento, aprobación das bases de selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo de carácter estrutural, agás a determinación da composición dos tribunais de selección e comisións de valoración, que se efectuarán por resolución de Alcaldía.

A distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

#### En materia de xestión económico financeira e contratación:

A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como as adjudicacións para levar a cabo a contratación de obras, servizos, subministracións, etc., que sexan competencia da Alcaldía, por importe superior a 40.000 euros en obras e 15.000 euros en servizos ou subministracións, agás os actos de trámite.

As concesións de toda clase e a celebración de contratos privados que sexan competencia da Alcaldía, agás os contratos privados que teñan a consideración de contratos menores.

**En materia de urbanismo:**

As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de equidistribución.

Concesión ou denegación de licenzas urbanísticas e de actividade, así como as súas modificacións, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

As resolucións de declaración de ruína que poñan fin ao procedemento administrativo.

**En materia de responsabilidade patrimonial:**

As resolucións das reclamacións de responsabilidade patrimonial que poñan fin ao procedemento administrativo.

**En materia de patrimonio:**

A adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

**En materia de subvencións:**

Aprobación das bases reguladoras das subvencións de concorrencia competitiva que sexan competencia da Alcaldía e a súa concesión.

**En materia de servizos sociais:**

O outorgamento de tarxetas de aparcamento para persoas de mobilidade reducida.

As atribucións delegadas teranse que exercer pola Xunta de Goberno Local nos termos e dentro dos límites desta delegación. Os acordos que se adopten por delegación entenderanse ditados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinaria, a quen se terá que manter informado do exercicio da delegación e serán inmediatamente executivos.

Esta delegación non quedará revogada polo simple feito de producirse un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición da Xunta de Goberno Local. A revogación ou modificación da delegación haberá de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

**Terceiro.-** Revogar, con esta data, as designacións de representantes adoptadas con anterioridade.

**Cuarto.-** Consonte o disposto no artigo 112 do ROF a Xunta de Goberno Local realizará a sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes á data de nomeamento dos seus membros.

A Xunta de Goberno Local realizará as sesións ordinarias todos os venres ás 14:30 horas. De non reunirse quórum suficiente ou de ser festivo o dito día, realizarase en segunda convocatoria o seguinte día hábil.

**Quinto.-** Notificar este decreto persoalmente ás persoas designadas para os efectos do seu coñecemento e enténdese a súa aceptación se, no prazo de tres días hábiles dende a recepción da dita notificación, non se apoñen a esta de forma expresa.

**Sexto.-** Publicar este decreto no BOP, sen prexuízo da súa efectividade a partir da data da súa sinatura e dar conta ao Pleno do concello desta resolución na primeira sesión que realice.

Miño, 21 de xuño de 2023

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretaria acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira

2023/5551



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

*Información pública. Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.*

O Pleno do Concello de Miño, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 28 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

#### <<3º.- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta da proposta da Alcaldía, que di así:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O pasado día 17 de xuño de 2023 constituíuse a nova Corporación municipal saída das eleccións que se celebraron o día 28 de maio de 2023.

De acordo co disposto polo artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 51 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o Pleno da Corporación pode delegar o exercicio das súas atribucións na Xunta de Goberno Local, coas excepcións que se establecen no mencionado precepto.

Segundo o artigo 51 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o acordo plenario de delegación adoptarase por maioría simple e terá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### Proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materiais de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ou a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio ou a contía sinalada.
4. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
5. A celebración de contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre bens do concello e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ou o importe de tres millóns de euros.

**Segundo.-** As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.
- b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, de conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

d) O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen, e seguirá as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

e) O Concello Pleno poderá advocar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

**Terceiro.-** Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.”

Deseguido comeza a rolda de intervencións que se recolle na acta multimedia.

A continuación sométese a proposta da Alcaldía a votación e obtén o seguinte resultado: 8 votos a favor do PSOE e 5 votos en contra do PP e do Grupo Mixto (BNG), polo que o **Pleno do Concello**, por maioría absoluta do número legal de membros, **adopta o seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materiais de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ou a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio ou a contía sinalada.
4. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
5. A celebración de contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre bens do concello e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ou o importe de tres millóns de euros.

**Segundo.-** As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.
- b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, de conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- d) O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen, e seguirá as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- e) O Concello Pleno poderá advocar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

**Terceiro.-** Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.>>

Miño, 20 de xullo de 2023

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

2023/6063